



## BASTA DE AGRESIÓNS AO SECTOR DE VACÚN DE CARNE DEFENDE OS TEUS INTERESES

*En abril de 2008, a Consellería do Medio Rural no goberno bipartito, sacaba unha liña de axudas destinada ao fomento de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos. Consellería e titulares das explotacións gandeiras asumían durante cinco anos unha serie de compromisos: os/as gandeiros/as cumprían unha serie de requisitos e, a cambio, recibían o pago de ata 156 € anuais por animal reprodutor.*

*O PP, unha vez que asumiu o goberno galego e dado que non podía eliminar estas axudas, comezou un constante recorte dos importes que reciben as explotacións (xa na campaña 2011 o retallamento chegou a un 45% sobre a cantidade inicial), pero foi na campaña correspondente ao ano 2012 que aínda agora se ven de resolver, cando a “machada” do executivo de Núñez Feijoo caeu con máis forza.*

**Desta vez, sobre o 75% das solicitudes de axuda no ano 2012 quedaron fora do reparto dos fondos, iso si, unha vez que as explotacións afectadas tiñan cumprido coas súas obrigas.**

*A denegación das axudas non foi comunicada aos afectados, e polo tanto, non se lle explicou o motivo de non recibir a axuda a quen si presentou toda a documentación e cumpriu os seus compromisos. Simplemente publicouse no DOG o listado coas resolucións.*



*Temos que recordar que, se esta anualidade finalmente se convocou foi pola forza que os gandeiros/as, coa axuda de FRUGA, fixeron cando a Xunta anunciou que ían saltarse o último dos cinco anos da axuda. A presión reivindicativa fixo que reconsideraran a súa decisión.*

*En base a isto, a Federación Rural Galega-FRUGA comezou unha campaña informativa denunciando este abuso onde se instaba a todos/as os/as afectados/as a recorrer esta resolución que consideramos inxusta. Tamén, a partir de aí, acordouse realizar unha mobilización do sector de vacún de carne en Lugo, que é onde se atopan a maior parte dos afectados.*

*A concentración celebrouse con grande éxito diante da delegación da Xunta de Galiza en Lugo a onde se achegaron centos de persoas afectadas. Alí, Xurxo Álvarez e Elías Somoza, presidente e responsable de sectores gandeiros de FRUGA, denunciaron a intención da Xunta de deixar fóra das axudas a inmensa maioría das explotacións, así como os retrasos na resolución desta axuda, a súa notificación*



só a través do DOG, e tamén os erros que tamén se deron en moitas das aprobacións, en definitiva, a situación de indefensión na que se atopan os/as afectados/as.

Despois do éxito da mobilización chégannos noticias de que a Xunta está a traballar nunha rectificación da resolución da concesión de axudas. Mais todo parece indicar que o único que pretende o Goberno Galego do PP é quitarlle os cartos concedidos por erros a algunhas explotacións, para repartilos a unhas poucas máis. Isto é, repartir a miseria, e seguir deixando fóra á maioría das explotacións. Parece que esta solución tamén lle serve a outros, dende FRUGA consideramos insuficiente esa medida.

Para FRUGA a única alternativa aceptábel pasa porque a Xunta cumpra cos seus compromisos, ao igual que fixemos os gandeiros e gandeiras, e polo tanto aporte os fondos suficientes para que **RECIBAN A AXUDA A TOTALIDADE DE EXPLOTACIÓNS** que a solicitaron e cumpriron cos seus compromisos. Non pode ser que nós cumpramos coas nosas obrigas e a Xunta ande a xogar co futuro das nosas explotacións.

Seguiremos vixiantes e a espera de se hai ou non unha nova resolución por parte da Xunta, e no caso de non sacar nova resolución ou se a que se saca novamente deixa fóra á maioría das explotacións, convocarémovos novamente a unha mobilización para seguir esixindo o que de xustiza nos corresponde. **SE NÓS CUMPRIMOS, A XUNTA TEN QUE CUMPRIR.**



**Se queres máis información pásate polos nosos locais ou chama aos nosos teléfonos:**

**Compostela: Rúa París 9A 5ºB, Area Central. Tlf: 981 558 173.**

**Lugo: Ronda da Muralla 58, 2º, Edificio Sindical. Tlf: 982 815 678.**

**Lalín: Rúa Areal, 1, 1º. Tlf: 986 181 861.**

**Verín: Rúa Espido 53.**

**Tamén no correo electrónico: [frugagaliza@gmail.com](mailto:frugagaliza@gmail.com)**

**Defende os teus intereses**  
**Basta de agresións ao sector de vacún de carne**